

# Estudo motivacional das denominacións galegas de *hijo menor* no ALPI

Rosa Mouzo Villar  
Instituto da Lingua Galega  
rosa.mouzo@gmail.com

*a meu pai*

Recibido o 05/03/2012 Aceptado o 08/06/2012

**A motivational study of the Galician terms for *hijo menor* (youngest son) in ALPI**

## Resumo

O obxectivo do presente traballo é realizar un estudo motivacional das formas galegas que aparecen recollidas no *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* para a pregunta *hijo menor*. A nosa análise consiste en clasificar e estudar as diferentes formas rexistradas, segundo a motivación que provoca a elección duns determinados nomes que van ligados a un novo referente. Para acadar este obxectivo, seguindo o esquema presentado por Alinei (2002), foi necesario realizar pesquisas etimolóxicas e tamén semánticas, que nos facilitaron o coñecemento da motivación de cada denominación e que nos permitiron establecer as agrupacións. Non sempre foi unha tarefa doada dado que, na maioría dos casos, a motivación non é transparente, xa que aínda que está presente na conciencia dun falante cando a crea, esa conciencia pode chegar a perderse co paso do tempo.

## Palabras chave

Fillo menor, fillo tardío, motivación; motivación conceptual, motivación metafórica, motivación onomatopoeica, motivación expresiva

## Sumario

1. Introducción 1.1. A motivación 1.2. A motivación e os atlas lingüísticos 1.3. O ALPI. 2. Os datos. 2.1. O último que pecha un ciclo 2.1.1. Función 2.1.2. Tempo 2.2. O de menor tamaño ou relevancia do grupo 2.2.1. Trato 2.2.2. Tamaño 2.2.3. Valor 3. Conclusión.

## Abstract

The aim of this paper is to study the motivation of the Galician forms which appear in the *Atlas Lingüístico da Península Ibérica* (ALPI) in responses to the questionnaire item *hijo menor* 'youngest son'. Our analysis consists of a classification and examination of the recorded forms in terms of the motivations for choosing different ways of designating a given referent. This was done using a method presented in Alinei (2002) which requires etymological and semantic research in order to identify the motivation of each term, leading to a classification. This was no easy task because in most cases the motivation is not transparent: although present in a speaker's conscience at the time when the term is coined, awareness of the motivation may have faded away over time.

## Keywords

Youngest son, a child late in life, motivation, conceptual motivation, metaphorical motivation, onomatopoeic motivation, expressive motivation

## Contents

1. introduction. 1.1. Motivation. 1.2. Motivation and the linguistic atlas. 1.3. ALPI. 2. The data. 2.1. Motivation of designations of *hijo menor* in Galicia. 2.1.1. The last item of a series. 2.1.1. Function. 2.1.2. Time. 2.2. The smallest or least important member of a group. 2.2.1. Treatment. 2.2.2. Size. 2.2.3. Value. 3. Conclusion.

# 1. INTRODUCCIÓN

A sociedade galega experimentou cambios ó longo da súa historia, pero as transformacións foron especialmente transcendentales no transcurso do século XX. A comezos deste século Galicia era maioritariamente rural (por riba do 85%). Pero en 1970, a pesar dos cambios migratorios acusados polo franquismo, as cifras non sufriran grandes cambios, pois aínda residía no campo o 71,50% da poboación (Mariño Ferro 2006: 132). A cultura tradicional conservouse, dado o ritmo lento de modernización do noso país.

Na década dos 30 (período no que se recolleron a maior parte dos datos do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*), a taxa de natalidade era máis alta que a da media española (un 30% máis) (Mariño Ferro 2000: 14), aínda que logo se iniciou un notable proceso de redución coa Guerra Civil e a partir das primeiras décadas do franquismo (Magariños 2003: 33). Segundo Mariño Ferro (2000: 362-363), o tópico das familias campesiñas galegas numerosas é falso, pois o tamaño medio das familias era de 4,75 persoas. Esta media superábase en Lugo e especialmente nas montañas orientais, onde se chegaba ás 6 ou 7 persoas por casa. Algúns concellos da Coruña tamén superaban esta media con 5 persoas por fogar.

Este traballo está relacionado coas familias numerosas, xa que centra a súa atención naqueles fillos que reciben uns nomes especiais por viren despois dunha “cadea” de irmáns ou que chegan cando xa non se esperaban máis fillos: os *fillos menores*. Que os *fillos menores* sexan obxecto de estudo deste traballo non quere dicir que sexan os únicos que reciben unhas denominacións especiais na sociedade, pois os primeiros fillos tamén ocupan un lugar especial. Son os que coñecemos como *primoxénitos*, *vinculeiros*, ou *amillorados*. Destacan, na maior parte de Galicia, por ser os que garanten a continuidade da liñaxe, os que aseguran a conservación do patrimonio familiar e, en definitiva, os que cumpren as expectativas da familia. O *fillo amellorado* é o que herda a maior parte dos bens dos pais<sup>1</sup>, pero para obter este privilexio que se lle outorga normalmente ó fillo máis vello (59,2% dos casos), este debe gozar de boa saúde mental e física e ademais debe coñecer a terra, saber traballala e ser un traballador honrado (Mariño Ferro 2000: 297). A cambio, o *amellorado* debe cumprir unhas obrigas: pagar o enterro dos pais e os gastos das transmisións dos bens.

En cambio, non existe unha nomenclatura tan rica para referirse ós fillos que veñen despois, ós *fillos segundos*<sup>2</sup>, porque a súa figura na familia non é tan relevante. Simplemente son os que reforzan a función que ten o primoxénito de garantir a continuidade, pero máis nada. E destacan tamén sobre os *fillos segundos* os *últimos fillos*, porque tamén desempeñan unha función na sociedade: marcan o final dun proceso de produción. As expectativas de calquera familia xa estaban cumpridas ó ter polo menos un fillo. Polo tanto, non é sorprendente que un fillo que aparece despois de dous ou tres, e sobre todo despois de máis de tres (incluso cinco, seis, sete ou máis) ou fóra dun tempo esperado, reciba uns nomes especiais, cuxa motivación é, moitas veces, metafórica, pois tal e como sinalamos anteriormente, as familias moi numerosas non eran moi abundantes, e as que había podían recibir críticas da sociedade a través de termos cargados de ironía e valoracións subliminares coma os que mostraremos a continuación.

A diversidade de formas que existen para designar os *fillos menores* e que mostramos neste traballo describe a sociedade da época. E é que a maneira de ser dunha sociedade vese reflectida nas súas palabras e no uso que fai destas. Como afirman Lakoff / Johnson (2009: 59), os valores fundamentais dunha cultura serán coherentes coa estrutura metafórica dos conceptos fundamentais desta.

<sup>1</sup> A *mellora* consiste en que un dos fillos herde a maior parte dos bens. O máis común é repartir a herdanza en tres terzos, dos que o fillo mellorado levará 2 terzos e o terzo restante repártese por igual entre os demais irmáns. Tanto a mellora forte coma a herdanza igualitaria son prácticas habituais nalgunhas zonas de Galicia, pero entre estes dous extremos cabe un amplo abano de posibilidades intermedias (Mariño Ferro: 2000: 14).

<sup>2</sup>Denominamos *fillos segundos* os que nacen entre o *primoxénito* e o *fillo menor*.

## 1.1. A motivación

Os estudos motivacionais suscitan un grande interese na lingüística moderna, e cada vez son máis numerosos os traballos que se centran neste campo, a pesar de que aínda non se constituíu como disciplina lingüística o estudo sistemático, teórico e lexical da motivación.

Ó falarmos de motivación establécese unha estreita relación coa dialectoloxía, etimoloxía e semántica histórica. Os estudos dialectais “pueden revelar la existencia de fenómenos generalizados en la motivación y creación léxicas y, por consiguiente, en la categorización y conceptualización de la realidad” (Julià 2009: 322-323). As pescudas etimolóxicas revélanos, na maior parte dos casos, o significado primitivo da palabra, que moitas veces é o que motiva a elección dun termo xa existente para denominar un novo referente<sup>3</sup>. E, por último, mediante unha análise semántica, invéstigase o motivo que dá lugar ás diferentes designacións (Julià 2009: 323).

Nun artigo de 1996, Mario Alinei propuxo constituír unha nova subdisciplina lingüística que se ocupase da *motivación* ou do que el chama “icónimo”. O termo *motivación* parece que, segundo o propio Alinei, se presta pouco para designar o obxecto dunha disciplina lingüística autónoma; polo tanto, el mesmo propón un novo termo: *icónimo*, palabra que resulta da combinación de *icona* e *-ónimo*, ‘nome motivante’. Deste xeito, sería a *iconimia* esa subdisciplina que el reclama. Porén, o propio Alinei (2002) segue empregando o termo *motivación*, que será o que empregaremos nós de aquí en diante.

Se nos remontamos ós inicios dos estudos da motivación, xa Saussure reparara no que el chamou “motivación relativa”. Este novo concepto foi o que levou ó autor do *Course de linguistique générale* a crear o termo de “arbitrariedade relativa” en contraposición coa súa idea da “arbitrariedade absoluta”. Para Saussure o signo lingüístico era arbitrario, pero o feito de poder ser motivado creaba unha contradición. A explicación está en que nós, os falantes dunha lingua, non temos que saber cal é a motivación das palabras que usamos.

Motivación e signo lingüístico presentan, polo tanto, unha relación moi estreita, pero a motivación non é un aspecto da natureza do signo, senón que é un recurso que serve para que o signo arbitrario poida ser coñecido inmediatamente por todos. Mario Alinei (1983: 54) sinala que “for a name’s motivation is in essence a shortcut to the conceptual interpretation of reality that is valid when the naming takes place”.

A motivación, que non é máis que unha forma abreviada do significado (“scorciatoia del significato”), pode ser *expresiva* ou *conceptual*, e dentro desta última distínguense dous subtipos: *metafórica* ou *onomatopeica* (Alinei 2002: 16). A motivación *expresiva* é a que atopamos en voces como *mamá* ou *nana*, voces de creación expresiva; *conceptual* é a que existe cando a motivación se escolle entre os trazos lexicais que compoñen a definición: a *conceptual-metafórica* (tamén chamada *conceptual-asociativa*) é a motivación que se toma tamén a partir da definición do significado, pero só de maneira indirecta, e a *conceptual-onomatopeica* dáse cando se imita o son do referente na palabra (Alinei 2002: 15-17).

Por exemplo, se reparamos na palabra *mimos* (entendido como trato cariñoso), como veremos máis adiante (§ 2.2.1.), podemos deducir que a motivación para a escolla dese termo é *expresiva*, dado que a secuencia *m-m* pode recordar ó murmurio dunha nai co seu fillo. Distinto é o que ocorre con *cerracancelas* (§ 2.1.1.), onde observamos unha motivación metafórica, pois supón o establecemento dunha comparación entre *cerrar unha abertura* e *cerrar o ciclo da fecundidade*. Estes dous exemplos sérvennos para ver outra posible clasificación da motivación, e é que esta pode ser transparente ou opaca, dependendo de se existe ou non unha percepción inmediata da motivación orixinal (Romero / Santos 2002: 304). No caso de *mimos*, tivemos que

<sup>3</sup> Giraud (1955: 22) sinala que todas as palabras están etimoloxicamente motivadas.

recorrer á etimoloxía para atopar a motivación, mentres que no caso de *cerracancelas* non, pois o motivo da escolla desa denominación está no noso coñecemento lingüístico como falantes. Pero non imos entrar nesta distinción no noso estudo, xa que unha palabra que “non sexa transparente” para nós, que analizamos os datos, non quere dicir que non o fora para os falantes que a emitiron. Para podermos ofrecer esta información, teríamos que indagar se o falante sabía por que a empregaba e isto suporía unha investigación ben distinta. En calquera caso, a elección que facemos das palabras, coma nos casos que acabamos de mostrar, vén motivada pola experiencia que nós temos como falantes e como participantes nunha sociedade, por iso na motivación sempre van estar presentes tres características:

(1) È sempre una forma abbreviata del significato, (2) è arbitraria; (3) si basa (A) nella stragrande maggioranza dei casi (che comprende quelli metaforici e onomatopeici) su un tratto componente della definizione concettuale del significato, e (B) in una limitatissima serie di nomi su una rappresentazione a livello fonosimbolico e inconscio. (Alinei 2002: 17)

Cando escollemos un termo para designar unha realidade, facémolo de maneira consciente, e segundo Dalbera, botamos man de palabras que xa existían na nosa lingua:

La création lexicale n'opère pas *ex nihilo*. Elle présuppose l'existence de matériaux linguistiques pré-alables (...) pourtant il est clair que dans une langue naturelle, tout nouveau signe s'élabore sur la base de signes préexistants, moyennant quelques recettes de fabrique. (Dalbera 2006: 20-21)

É posible que nalgúns casos recorramos a máis dunha palabra, porque poden ser varios os trazos que teñamos en conta para referirnos a algo concreto. Isto podemos comprobalo coa información que encontramos nos atlas lingüísticos, coma na pregunta *hijo menor*. O *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* déixanos constancia da existencia en toda Galicia dunha enorme variedade de formas, e incluso atopamos algúns puntos de enquisa nos que obtivemos varias respostas dun mesmo falante. Unhas fan referencia á mesma motivación, outras non.

## 1.2. A motivación nos atlas lingüísticos

A información que obtemos da xeografía lingüística permítenos coñecer dunha maneira completa as características da sociedade do momento no que se recollen os datos que completan os atlas lingüísticos, pois como afirma González (2005: 98-99), estudar os feitos lingüísticos desde unha perspectiva motivacional, “hace posible descubrir primitivas unidades culturales y antropológicas, que permiten echar luz sobre la distribución de muchos nombres de la cultura material y espiritual que de otro modo no se entenderían”. Abonda con observar as respostas a unha única pregunta como é *hijo menor*, da que nos imos ocupar neste estudo, para ver a riqueza que nos pode transmitir un atlas, non só desde un punto de vista lingüístico, senón tamén antropolóxico. A isto último contribúen moito este tipo de estudos, motivacionais, xa que nos permiten achegarnos ás sociedades, que elixen palabras que xa se utilizaban con outros significados e outórgaselles novos valores, pero dentro dun amplo abano de posibilidades. E é que a análise semántica das estruturas lingüísticas é esencial no estudo da conceptualización e categorización da realidade (Julià 2009: 325).

A finalidade de empregar os datos do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* non é esencialmente mostrar unha análise da variación dialectal, senón aproveitar a variedade de formas que nos ofrece para poder centrarnos nun estudo motivacional.

Antes de comezar a nosa análise, hai que ter en conta que un atlas lingüístico é unha fonte fértil de información para ver que unha palabra nova, que nace dun acto de creación dun falan-

te, chega a evocar a mesma idea no resto dunha determinada poboación (Pinker 2007: 17), é dicir, esténdese de maneira que pasa a ser unha palabra común nunha área, gran área ou nunha comunidade enteira. Pero tamén pode ser que un só falante ou grupo de falantes coñeza unha determinada palabra e non comparta ese coñecemento cos demais. En calquera caso, o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, coma calquera outro atlas lingüístico, pode ser unha fonte de datos moi rica para estudar a motivación que leva os falantes dunha lingua a escoller unhas formas ou outras.

### 1.3. O ALPI

O *Atlas Lingüístico de La Península Ibérica* (de aquí en diante *ALPI*), cualificado por Cortés / García (2009: 17) como 'la empresa más importante de la geografía lingüística española durante los años de la república y de la primeira posguerra', foi ideado por Ramón Menéndez Pidal. Porén, foi o seu discípulo Tomás Navarro Tomás o encargado de dirixir o proxecto entre 1913 e 1914 e de coordinar cada unha das parellas de investigadores que se ían ocupar dos distintos dominios romances peninsulares (Sousa 2008: 302)<sup>4</sup>: Manuel Sanchís Guarnier e Francesc de Borja Moll (zona catalano-aragonesa), Lorenzo Rodríguez Castellano e Aurelio M. Espinosa (fillo) (zona castelá) e Aníbal Otero e Rodrigo de Sá Nogueira (dominio galego e portugués)<sup>5</sup>.

A recollida de datos foi iniciada en 1931, pero viuse interrompida en 1936 pola Guerra Civil<sup>6</sup>. Nesta data quedarán sen completar puntos de Cataluña, Valencia e Portugal (Sousa 2008: 302).

Para a elección dos informantes, os investigadores procuraron que os escollidos reflectisen espontaneamente e con toda fidelidade a fala popular da localidade. Tiñan que ser naturais da localidade estudada e a poder ser tamén seus pais e a súa muller. Preferían que foran analfabetos ou moi pouco instruídos e que viaxaran pouco (así estarían exentos da influencia doutras variedades e linguas e da lingua culta). Xeralmente entrevistaron a homes e non a mulleres, e isto débese ó predominio da terminoloxía agrícola no cuestionario (as mulleres na maior parte das rexións da península non interveñen nas faenas do campo). En canto á idade, preferían os suxeitos de idade madura, pero evitaban os de idade moi avanzada para que tivesen unha plena lucidez mental e para que non tivesen defectos dentais que puidesen afectar á articulación (*ALPI* 1962: 5-6).

Unha vez que se lograron completar as enquisas<sup>7</sup>, os resultados publicados do proxecto foron moi escasos, pois só chegou a publicarse o tomo I en 1962, formado por 75 mapas da sección de fonética. (Navarro Tomás 1975: 16-20)

Este traballo inacabado retomouse en 1999, pois a pesar dos anos, en palabras de Navarro Tomás: "[las encuestas] no perderán nada de su valor. Son el acta de la situación lingüística de la península hasta el estallido de la guerra civil" (Cortés / García 2009: 167-168. Carta 93).

Arredor de 1993, David Heap comezou a buscar os cadernos que ata aquel momento estaban en paradeiro descoñecido. Entre 1999 e 2001 Heap localizou os cadernos que foran gardados en diferentes lugares e a través de internet (<http://www.alpi.ca>) puido comezar a compartir coa comunidade científica un prototipo do que podería ser o *ALPI* en liña (Heap 2002: 6-19).

Nun primeiro momento só se pensara en dixitalizar os materiais recuperados, pero logo pasouse a "acariciar la idea de facilitar su consulta mediante una base de datos" (Pérez Pascual 2007: 424). Esta

<sup>4</sup>O equipo estaba constituído a redor de 1933 e os investigadores que o integraban debían ser naturais do dominio investigado e estar formados de xeito uniforme (Sousa Fernández : 2008: 301-302).

<sup>5</sup> Navarro Tomás (1975, 11-12) sinala que as enquisas en cada un dos dominios lingüísticos da Península Ibérica foron realizadas polas parellas de investigadores que indicamos, pero Pérez Pascual (2007: 405 e ss.) apunta que "el panorama fue bastante más complejo, pues ni la incorporación de los encuestadores se produjo simultáneamente ni el reparto de las zonas respondió a una compartimentación absoluta entre dominios lingüísticos".

<sup>6</sup> Os datos de Galicia foron recollidos entre 1935 e 1936.

<sup>7</sup> Completáronse en 1951 grazas a Rafael de Balbín que foi, segundo Navarro Tomás (1975: 16) "quien supo facilitar recursos para terminar las encuestas en el norte de Cataluña, en el Rosellón y en Portugal y tomó a su cargo la dirección del trabajo hasta hacer posible la publicación del primer volumen".

idea, no ano 2010, converteuse nun proxecto intramural do Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC) coordinado por Pilar García Moutón<sup>8</sup> e integrado por Inés Fernández Ordóñez (Universidad Autónoma de Madrid), David Heap (University of Western Ontario), María Pilar Perea (Universitat de Barcelona), João Saramago (Centro de Lingüística da Universidade de Lisboa) e Xulio Sousa (Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela). O resultado que se persegue é o dun atlas interactivo de libre acceso que se poderá consultar desde un xeoportalo do CSIC:

Nuestro proyecto tiene como objetivo elaborar y editar los materiales del ALPI utilizando las posibilidades que la tecnología informática proporciona actualmente a los trabajos geolingüísticos(...) Una vez concluído, se podrán realizar búsquedas más o menos avanzadas y obtener resultados puntuales, pero también mapas –mapas clásicos (con la respuesta recogida en cada uno de los puntos de encuesta), mapas por áreas o por isoglosas, mapas simbólicos- y cualquier otro tipo de elaboración que esté previsto en la herramienta informática que se está diseñando para tratar los datos y en la estructura del geoportalo que los va a acoger. De este modo, cabe esperar que las mismas circunstancias que supusieron un grave retraso en la publicación del ALPI a la larga acaben beneficiando la difusión de estos materiales históricos, que finalmente se podrán consultar en la forma más novedosa. (García Moutón 2010: 169)

## 2. OS DATOS

No Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela consérvanse os 53 cadernos do *ALPI* que recollen os resultados das enquisas realizadas por Aníbal Otero e Espinosa<sup>9</sup> entre 1934 e 1935 en Galicia (Sousa 2008: 303). Grazas a Xulio Sousa, responsable do proxecto *Elaboración y Edición de los materiales del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (en Galicia), puidemos consultar e utilizar toda a información e materiais do *ALPI* que alberga o Instituto e que precisamos para elaborar este traballo.

Os datos que tivemos en conta para realizar este estudo foron extraídos da pregunta *hijo menor*, que aparece recollida no caderno IIE do *ALPI* (pregunta 658b). As denominacións existentes no galego para esta cuestión aínda non foron obxecto de estudo, nin son coñecidas por toda a comunidade científica debido ó estado do proxecto (§1.3.).

A rede de puntos de enquisa do dominio galego do *ALPI* está formada por 53 localidades (ver listaxe no anexo II). Tras consultar cada un dos puntos galegos do *ALPI*, puidemos comprobar que na pregunta *hijo menor* existe bastante diverxencia en canto ó número de respostas por punto. En 37 lugares recolleuse unha única resposta<sup>10</sup>; en 6 hai dobre resposta<sup>11</sup>; en 2 triple<sup>12</sup> e en 8<sup>13</sup> non se rexistrou ningunha resposta (Ver mapa no anexo I).

As formas que se rexistran no *ALPI* presentan un problema en comparación coas que aparecen recollidas no *Atlas Lingüístico Galego* (de aquí en diante *ALGa*)<sup>14</sup>. No *ALGa* existen dúas

<sup>8</sup> *Elaboración y Edición de los materiales del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI). Véxase García Moutón: 2010, 167-174.

<sup>9</sup> Otero encargouse das transcripcións completas de case todos os cuestionarios e Espinosa (fillo) colaborou na parte do vocabulario de sete puntos da provincia de Ourense (Sousa: 2008: 303).

<sup>10</sup> Puntos cunha única resposta: 101, 103, 104, 105, 106, 107, 108, 109, 110, 111, 112, 118, 120, 121, 122, 125, 126, 128, 129, 130, 131, 132, 134, 136, 137, 138, 139, 140, 141, 142, 143, 145, 146, 147, 148, 149, 151.

<sup>11</sup> Puntos con dobre resposta: 102, 112a, 123, 127 133 e 144.

<sup>12</sup> Puntos con triple resposta: 100 e 150.

<sup>13</sup> Puntos con resposta en branco: 113, 114, 115, 116, 117, 119, 124, 135.

<sup>14</sup> Os datos do *ALGa* foron recollidos 40 anos despois do *ALPI*, entre 1974 e 1979. Ó tratarse dun atlas de dominio unicamente galego, a rede de puntos era moito máis completa. Foron 167 localidades enquisadas. Agradecemoslle tamén a Xulio Sousa que nos permitira consultar os datos do *ALGa* relativos ós fillos menores, datos que forman parte do Volume VII de *Léxico: O Ser Humano II*, que se publicará proximamente.

preguntas que atenden á diferenciación de significados: *fillo menor* e *fillo tardío*, mentres que no ALPI existe unha única pregunta: *hijo menor*. Pero, é necesario reparar nesta diferenza? Si, pois son realidades diferentes, aínda que non sempre é fácil distinguir con claridade os dous conceptos, xa que poden solaparse. Se consultamos os mapas do ALGa<sup>15</sup> correspondentes a *fillo menor* e a *fillo tardío*, podemos comprobar que hai formas, como é o caso de *tapaburatos* ou *cerraportelos*, que tanto poden facer referencia a un *fillo menor* (por ser o que pecha unha longa cadea despois de 6 ou 7 fillos) como tamén a un *fillo tardío*.

Cremos que o contraste de resultados dos dous atlas será de moito proveito para investigacións futuras. Ademais, hai que ter en conta que as preguntas do ALGa foron pensadas para facelas en Galicia, de acordo cuns intereses lingüísticos concretos e máis aproximadas á realidade lingüística e cultural dese ámbito, mentres que as preguntas do ALPI estaban pensadas para a realidade lingüística de toda a península.

A análise que ofrecemos a continuación estruturámola tendo en conta a motivación que determina a escollo dos termos para referirnos a un mesmo referente: *hijo menor*.

Nun principio reunimos todas as variantes baixo dous grandes grupos, atendendo a se o fillo menor é o *último*, o que pecha un ciclo (§2.1.) ou se é o de menor tamaño ou relevancia do grupo (§2.2.). Con todo, optamos por facer unha subclasificación máis pormenorizada segundo trazos máis concretos que motivan as diferentes voces que se recollen neste estudo para referirse ó fillo menor. Pero esas agrupacións non son totalmente pechadas, é dicir, poden existir vínculos entre unhas formas e outras. Hai variantes (coma *anano* -§ 2.2.2.- e *mimiño* -§ 2.2.1.-) que poden ter diferentes interpretacións e, polo tanto, poderíamos reunilas, polo menos, baixo dúas epígrafes distintas, en función da interpretación que lle asignemos. A análise faise desde un punto de vista motivacional, para tratar de ver de onde procede a motivación de cada unha das variantes, pero tamén ofrecemos información sobre a súa distribución no territorio para ver en que puntos de enquisa do ALPI se recollen cada unha das formas.

Para establecer a orde de presentación dos diferentes conxuntos de respostas, seguimos a estrutura de Álvarez (2010: 16), atendendo á vitalidade de cada un dos grupos no territorio galego enquisado, de máis a menos casos rexistrados. En primeiro lugar presentamos o grupo maioritario, que é aquel que destaca o feito de que o fillo menor é o último que pecha un ciclo. A mesma estrutura seguímola para presentar os subgrupos que contén: 'función', porque o fillo menor cumpre a función de poñer fin a un proceso e 'tempo', onde recolleamos aquelas formas que destacan que o fillo menor é o último en chegar. Baixo o segundo grupo atopamos aquelas formas que destacan o feito de que o fillo menor é o de menor tamaño ou relevancia do grupo. Aquí agrupamos baixo 'trato' as variantes que fan referencia á maneira en como se tratan os fillos menores; despois recolleamos as formas que teñen en conta fundamentalmente o 'tamaño' como trazo característico dos fillos menores; e por último, presentamos as derradeiras variantes que agrupamos baixo o nome 'valor', pois todas elas fan referencia a un valor residual dos *fillos menores*.

## 2.1. O último que pecha un ciclo

### 2.1.1. Función

#### a) Análise motivacional

O conxunto de formas que puidemos encadrar baixo 'función', por ser este o trazo que cremos que comparten as denominacións que o integran, tratámolas por separado, pois aínda que fan referencia á función que cumpre o fillo menor fano de xeito distinto.

<sup>15</sup>Os cuestionarios do ALGa nas preguntas 2.418 e 2.419 recollen as respostas relativas a dúas realidades relacionadas, pero distintas: "fillo menor" (2.418) e "fillo tardío" (2.419).



### 1. *Tapar + abertura*

Neste primeiro grupo vemos que se utiliza un verbo de acción como é *tapar*, para indicar metafóricamente que o fillo menor cumpre a 'función' de *tapón*, en consonancia co significado primitivo da palabra *tapa*, que provén probablemente, segundo o *DECH* do gótico \*TAPPA, equivalente ó alemán antigo *zapho* (alemán *zapfen* 'tapar'). El é o encargado de poñer fin a un proceso, porque é o que se encarga de tapar, de pechar algo que quedara aberto, pois as formas *burato*, *furado*, *caneiro* e *porta*, fan todas referencia a unha abertura.

#### 1a. *Tapaburatos e tapafurados*

*Tapaburatos* ou *tapafurados* son formas compostas de *tapar + burato/furado*. Segundo Machado (1977), estas dúas formas proceden do latín FURARE. É difícil explicar de onde sae o *b*. Podería ser dun cruzamento co xermánico, representado polo alto alemán antigo *boron* (alemán moderno *bohren* 'furar'). *Burato* (ou *furado*) é unha 'abertura nunha superficie, polo xeral arredondada, que pode ser de distintos tamaños e de maior ou menor profundidade'. Vemos que significado primitivo e significado actual están estreitamente relacionados. Se chamamos ó fillo máis pequeno *tapaburatos* (ou *tapafurados*), estamos dicindo que el é o encargado de desempeñar unha función: poñer punto e final a unha fase de produción, pois el é o derradeiro. Isto facémolo mediante unha extensión metafórica do significado.

O noso sistema conceptual desempeña un papel central na definición das nosas realidades cotiás. A nosa maneira de pensar, de actuar ou as nosas experiencias, son en gran medida de natureza metafórica (Lakoff / Johnson 2009: 39). Mediante as formas *tapaburatos* e *tapafurados*, estamos transmitindo a idea de que o último fillo cumpre unha función, e desta maneira estamos creando unha metáfora desde a nosa experiencia física pero tamén cultural. Física, porque, na nosa opinión, *burato* e *furado* estanse comparando coa vaxina da muller, que se considera un *conduto*<sup>16</sup>ou *abertura* (igual que *burato* ou *furado*, de aí a comparación) pola que ven saída os fillos. O fillo último é o *tapón* que pecha ese conduto porque despois del non veñen máis fillos. Cultural, porque esa función é a que cumpre o último fillo na familia de cara á sociedade: unha familia que xa ten un número suficiente de fillos (suficiente porque con máis de un xa está asegurada –e reforzada– a continuidade da familia) ou que xa non está no tempo de ter máis (ben porque aparece fóra da cadencia normal –despois de moitos anos sen ter ningún–, ben porque xa non están os pais en idade de criar máis fillos, pois lembremos que un século atrás a esperanza de vida tamén era menor). A función do fillo menor neste caso é poñer fin a un proceso.

Estas metáforas son comúns a toda a sociedade que, ó compartir unha cultura, uns coñecementos e uns valores, dota de coherencia cultural a estas metáforas e permite que a comunicación se volva máis sinxela; os significados metafóricos non se rexistran nos dicionarios, pero é o noso coñecemento da realidade o que nos permite comprendelos.

#### 1b. *Tapacaneiro*

*Tapacaneiro*, forma composta por *tapar + caneiro*, é tamén unha forma metafórica para denominar o *fillo menor*. *Caneiro*, procedente do latín CANNA + sufixo *-eiro* (indica 'lugar onde se deposita algo'), é unha 'abertura que se fai na parede dunha leira para darlle paso á auga' (*GDXL*); polo tanto, ó igual que no caso anterior, observamos unha comparación co órgano sexual feminino (ver *tapaburatos* e *tapafurados*).

<sup>16</sup>*Conducto* que forma parte do aparato xenital das femias dos mamíferos e que vai desde a vulva ata a matriz' (*GDXL*)



1c. *Tapaportas*

Por último, a variante *tapaportas* é unha forma composta de *tapa* + *porta*. *Porta*, do latín *PORTA*, conserva o significado primitivo: ‘abertura feita nunha parede, muro, etc. para poder entrar e saír’ (*GDXL*). Polo tanto, a relación co fillo menor é a mesma que nos casos que comentamos anteriormente neste mesmo apartado (ver *tapaburatos* ou *tapafurados* e *tapacaneiros*).

2. *Cerrar* + *porta que impide o paso*

No segundo grupo temos outro verbo de acción, *cerrar*, acompañado de distintos complementos: *portelo* ou *cancela*, que fan referencia a unha porta que impide o paso.

2a. *Cerraportelos*

*Cerraportelos* é unha forma composta de *cerrar*, + *portelo*. *Cerrar*, ‘encaixar no seu marco [unha porta, ventá, etc.]’ (*GDXL*), procede, segundo o *DECH*, do latín *SERARE*, que deriva de *SERA* ‘pechadura’. *Portelo*, ‘abertura ou porta pequena nun valado que permite a entrada dunha persoa ou dun animal’ (*GDXL*), procede do latín *PORTA* (*DECH*) + sufixo *-elo* (sufixo con valor diminutivo). Polo tanto, *cerraportelos* é unha palabra que se emprega para denominar o *fillo menor* mediante un uso metafórico, referíndose a el como que é o encargado de pechar por ser o último en saír.

2b. *Cerracancelas*

*Cerracancelas* é unha forma composta de *cerrar* (ver *cerraportelos*) + *cancela*. *Cancela*, ‘estrutura feita xeralmente de táboas dispostas en horizontal e vertical, que se coloca nunha portela para abrir e pechar o paso a unha leira, camiño, etc.’ (*GDXL*), derivado de *cancel*, procedente do latín *CANCĒLLUS* ‘verja o barandilla enrejada’ (*DECH*). Tamén vemos aquí un uso metafórico e, ó igual que no caso anterior (*cerraportelos*), o fillo menor é o último en saír e, polo tanto, é o encargado de pechar.

Nos dous casos (*tapaburatos*, *tapafurados*, *tapacaneiros* ou *tapaportas* e *cerraportelo* ou *cerracancelas*) outórgaselle ó *fillo tardío* a ‘función’ de poñer fin a un proceso (longo –moitos fillos– ou tardío –un fillo máis despois de ter os outros moi seguidos ou no seu tempo). Despois del non hai cabida para máis. A motivación das formas deste grupo é metafórica.

## b) Distribución xeográfica

Os nomes de fillo menor que se formaron atendendo á función que cumprían estes na familia aparecen distribuídos por case todo o territorio galego, aínda que se concentran no centro de Galicia, ocupando tamén practicamente toda a provincia da Coruña (ver mapa no anexo I).

As formas pertencentes a este grupo rexístranse da seguinte maneira:

- *tapaburatos* (tamén a variante *tapafurados*): 100<sup>17</sup>, 102, 105, 106, 108, 109, 110, 112, 118, 121, 123 e 133.
- *tapacaneiros*: 130
- *tapaportas*: 143
  
- *cerraportelos*: 123, 125, 126, 127, 133, 139, 141, 142.
- *cerracancelas*: 144.

<sup>17</sup> Os puntos subliñados correspóndense con segundas respostas, seguindo a Julià (2009: 329).

## 2.1.2. Tempo

### a) Análise motivacional

#### 1. *Serodio*

O *fillo menor* no *ALPI* recibe nalgunhas zonas de Galicia a denominación de *serodio*, que podemos definir como 'que vén tarde, que aparece despois do tempo propio' ou tamén como 'que se sementa e recolleita máis tarde do normal [dito do froito]' (*GDXL*). Conserva así o significado primitivo da palabra, que procede do latín *SERŌTĪNUS* 'tardío', 'que chega tarde' (Machado 1977), que á súa vez deriva do adverbio *SĒRŌ* 'tarde', segundo o *DECH*. A forma *fillo serodio* para referirse ós *fillos menores* mantén un vínculo moi estreito co significado etimolóxico.

*Fillo serodio* é o fillo que chega tarde, fóra da cadencia normal (de acordo coa primeira acepción), e polo tanto a motivación sería conceptual, pois a nova palabra toma parte do significado ou máis ben é unha forma abreviada do significado. Pero tamén pode establecerse unha comparación entre fillo e froito, entendendo *fillo menor* como tardío, como un froito que nace fóra da época propia. Neste último caso a motivación poderíamos subclasificala en *conceptual-metafórica*.

Consultando o *DdD*, atopamos definicións de *serodio* que aluden ó *raquitismo* ou á debilidadade dun froito, persoa ou animal. A relación de *serodio* co *raquitismo* ou coa *debilidadade* probablemente se fixo por extensión, unha vez que se puido chegar á conclusión de que unha característica en común que podían ter todos os *serodios* era a debilidadade ou un tamaño máis pequeno do esperado ou do normal por 'lograrse' fóra do tempo propio.

#### 2. *Redrollo*

A segunda forma que relacionamos co 'tempo' é *redrollo*, que aparece recollida nos dicionarios consultados (*DdD*, *DRAG*, *GDXL*) como 'individuo pequeno e grosó', pero tamén como 'becerro de cría' (*DdD*). Neste caso cremos que o feito de designar o *fillo menor* se debe a que *redrollo* provén, segundo o *DECH*, do latín *RĒTRO* 'atrás', e deste xeito *redrollo* pode entenderse como o fillo que vén detrás (dos outros), o último. O *DECH* cita a Nebrija, quen define *redrojo* como *regerminatio*, pero tamén a G. A. de Herrera, que o define como 'fruto o flor tardía' e a Covarrubias, que, por último, define *redrojo* como 'racimo que dejan atrás los vendimiadores'. En calquera dos tres casos podemos ver un paralelismo co *fillo menor*, xa que este enténdese nun sentido metafórico como unha *re-xerminación* ou un *froito tardío*.

O *DECH* obríganos a pensar nunha definición conceptual, e segundo estes tres autores anteriores, a motivación sería conceptual-metafórica.

### b) Distribución xeográfica

Os nomes para designar os fillos menores que teñen en común o 'tempo' recolléronse da seguinte maneira (ver mapa anexo):

- *serodio*: 100, 112a, 127 e 148
- *redrollo*: 120 e 127

A primeira forma, *serodio*, aparece recollida na provincia da Coruña (2 puntos) e mais en Lugo (1 punto) e Ourense (1 punto), polo tanto, non podemos falar neste caso de formas características dunha área homoxénea e continuada, senón que son formas minoritarias que se recollen en puntos bastante distantes uns dos outros do territorio galego (ver mapa anexo). En cambio, *redrollo* aparece recollido en dúas localidades próximas de Lugo, o que parece indicar que é unha forma propia desa zona.

## 2.2. O de menor tamaño ou relevancia do grupo

### 2.2.1. Trato

#### a) Análise motivacional

Este grupo constitúeno formas como *mimos*<sup>18</sup> ou *gangos*. Por *mimos* ou *gangos* enténdese o ‘cariño, regalo o condescendencia excesiva con que se suele tratar especialmente a los niños’ (DdD, DRAE).

#### 1. *Mimos*

O vocábulo *mimos* é unha voz de orixe expresiva, xa que a raíz reduplicada *m-m* pode reflectir perfectamente o balbucir da nodriza co seu crío ou da nai co seu meniño, segundo o DECH. Dese balbucir é fácil que se pasasen a denominar como *mimos* esas mostras de tenrura que se lle dan ós nenos, tomando como trazo fundamental para a elección da palabra a secuencia *m-m* que se repite nesa palabra. Pero aínda que sería expresiva a motivación para designar cariño, o paso dese significado a designar *fillo menor* sería conceptual.

O feito de que o *fillo menor* reciba o nome de *mimiño* ou o *dos mimos*, cremos que é unha elección motivada polo ‘trato’, pois o irmán menor habitualmente é o que recibe máis mostras de cariño e atencións por parte do resto das persoas da casa.

O primeiro termo, *mimiño*, ó ir acompañado do sufixo *-iño*, ve incrementado o valor afectivo que xa ten de por si a palabra, mentres que no caso de o *dos mimos*, simplemente estamos res-trinxindo ou concretando, porque se hai máis fillos no fogar, o *último* é o centro de atención de todos. En palabras de Mariño Ferro (2000: 364): “os pais móstranse cariñosos cos fillos pequenos. Nunha discusión entre rapaces case sempre se poñen de parte dos máis cativos”.

#### 2. *Gangos*

Os dicionarios galegos nos que consultamos a palabra *gangos* remiten a *meco* (GDXL) ou a *mimo* (DdD), onde se indica tamén que é unha forma propia de Lobios<sup>19</sup>. A variante o *dos gangos* para referirse ó *fillo menor* recollida no ALPI rexístrase en Entrimo. O feito de que se rexistre unicamente neste lugar (e tamén en Lobios, localidade moi próxima a Entrimo) lévanos a pensar que esta forma é propia do portugués e por iso se rexistra unicamente nese lugar. Morais (1977) e Figueiredo (1939) definen o concepto como ‘meiguiçe, afago, mimo’ e así tamén aparece definido no DHS, onde se sinala que ten orixe escura. O resto dos dicionarios etimolóxicos consultados non nos ofrecen datos sobre a orixe da palabra, o que nos limita tamén a facer comentarios motivacionais, máis alá de poder establecer unha asociación entre a palabra *gangos* e *mimos*, dado que si coñecemos o significado. Polo tanto, ó igual que no caso anterior, a motivación parece conceptual.

#### b) Distribución xeográfica

As formas motivadas polo ‘trato’ para designar o *fillo menor* forman dúas pequenas áreas na provincia da Coruña e no terzo sur de Galicia (provincias de Pontevedra e Ourense, ver mapa anexo):

- o *dos mimos*: 102, 103, 104, 111, 132, 136, 138, 145, 146, 147, 149, 150, 151.
- *mimiño*: 100
  
- *gangos*: 150

<sup>18</sup> *Mimos* é un castelanismos que designa o mesmo que en galego se coñece como *mecos*.

<sup>19</sup>Ver *gangos* en Eladio Rodríguez (DdD).

## 2.2.2. Tamaño

### a) Análise motivacional

#### 1. *Tirizó*

A primeira variante dentro deste subgrupo é *tirizó*. Rexístrase no *DdD* co significado de ‘porco máis pequeno da camada’ e con este significado recóllese tamén no *ALGa* ou no *GDXL*. Nalgunhas das fontes consultadas (*DdD* ou *GDXL*), a palabra *tirizó* designa unha ‘inflamación das glándulas das pálpebras’. A definición que nos ofrece o *DRAG*, ‘gran ou furuncho que sae na beira das pálpebras; orizó’, podemos relacionala directamente coa palabra de orixe (HORDEOLU(M)<sup>20</sup> ‘gran de cebada’) (*GDXL*). O vínculo que atopamos entre as diferentes acepcións é o ‘tamaño’. Tanto o porco pequeno coma a inflamación das pálpebras, coma o gran de cebada comparten a característica de ser dun ‘pequeno tamaño’. Pode ser iso o que leve a denominar tamén o *fillo menor*, por ser o máis cativo, como *tirizó*. Pero tamén podería existir unha relación entre o *tirizó* (fillo) e o furuncho das pálpebras ou *orizó* porque os dous aparecen de ‘forma inesperada’.

Cremos que o feito de denominar o *fillo menor* como *tirizó* probablemente se deba a unha *motivación metafórica* a partir do significado de gran (de cebada ou do ollo), aínda que tamén pode relacionarse co *porco pequeno*, que á súa vez se debe a unha motivación metafórica tamén, xa que se compara o *porco pequeno* polo seu tamaño diminuto cun gran. Tamén pode ser que simplemente se estableza unha comparación entre o porco máis pequeno e o fillo menor, xa que o *DECH* sinala que a forma *guarín*, que se emprega para referirse ó “lechoncillo últimamente nacido”, en Albacete aplícase “familiarmente al hijo más pequeño de una familia”.

#### 2. *Rastreiro*

É unha denominación que nun principio tamén poderíamos relacionar co ‘tempo’ (§ 2.1.2.), pero é un caso especial. *Rastro* procede do latín RASTRUM ‘*rastrelo* de labrador’ (*DECH*) e de aí que se pasara á pegada que deixa o *rastrelo* na terra. Aquí podemos atopar unha relación co ‘tempo’, pois algo que vén a rastro tarda máis en chegar. É o caso dos *fillos tardíos*. Pero que sexa o ‘tempo’ o que motiva a escolla desta forma, non está tan claro coma nos casos que agrupamos baixo a epígrafe ‘tempo’ (*serodio* ou *redrollo*).

*Rastreiro*, ‘que se estende ou arrastra polo chan’ (así aparece definido este adxectivo no *GDXL*), pode levarnos a pensar tamén no ‘tamaño’<sup>21</sup>, porque se algo está *a rastro* significa que está pegado ó chan; pode ser, polo tanto, referido a algo que non gañou altura e referíndose a *fillo* estaría en relación con variantes coma o *anano*, *tirizó* ou *rapelo*, nas que o fillo máis novo ou tardío é entendido como o máis cativo.

A motivación de *rastreiro* sería nos dous casos *conceptual-metafórica*, pois establece unha asociación (metafórica) entre fillo menor e calquera dos dous significados que mencionamos.

#### 3. *Anano*

Segundo o *GDXL*, *anano* é un adxectivo que indica ‘que é máis pequeno (en comparación cos demais membros da súa especie)’ ou tamén un substantivo que designa unha ‘persoa anormalmente pequena’. Outra acepción, menos relacionada co caso que nos cómpre analizar, é a de ‘ser mitolóxico con figura de home moi pequeno que, supostamente, había no interior da terra

<sup>20</sup>Probablemente a forma *tirizó* se deba a un cruce de TORCERE con HORDEOLU(M), aínda que non atopamos datos que nos permitan afirmar isto.

<sup>21</sup>Tamén tivemos en conta as definicións de *rastreiro* de Constantino: ‘cereal que nace tumbado hasta el mes de abril’ ou de Eladio: ‘que va por el aire casi tocando el suelo’ (*DdD*). Os dous autores ofrecen máis dunha acepción para *rastreiro*, pero detivémonos especialmente nestas pola afinidade que viamos coa definición que nós mostramos tirada do *GDXL*.

(propio dos contos infantís e dos contos de tradición popular): En calquera caso, vemos que todas as acepcións comparten un trazo común, o ‘tamaño diminuto’.

*Anano* procede do latín NANUS (e este á súa vez do grego νᾶνος), tamén co significado de diminuto, segundo o *DECH*. O significado actual da palabra mantén o significado máis primitivo. Cremos que o trazo que motivou a escolla desta voz para referirse ó *fillo menor* ou *tardío* é o ‘tamaño diminuto’. Estamos, polo tanto, ante unha *motivación conceptual*, xa que o termo *anano* empregouse para denominar o fillo menor destacando un elemento do significado: ‘pequeno’.

O substantivo *anano* aparece acompañado do artigo determinado, e consideramos que isto fai que, dentro do grupo “fillos”, se restrinxa ó que ten esa característica: *o anano* é o neno que posúe unhas características propias que o definen con respecto ós demais irmáns (ser o fillo menor, o último, o máis pequeno con respecto ós demais membros da súa especie —entendendo especie como familia). Este uso ten un valor afectivo engadido.

#### 4. Rapelo

*Rapelo* aparece recollido no *GDXL* como ‘nenos pequenos’ ou ‘porcos máis pequenos da camada’, pero tamén aparece definido como ‘que está a rentes do chan’ ou ‘que ten pouca altura’.

No *ALGa* recóllese *rapela* en tres puntos de enquisa<sup>22</sup> para designar unha bola de pan achata-da. Se consultamos o *DdD*, indícase que *rapela* é unha “torta de maíz”, segundo Elixio Rivas, e se buscamos a variante *rapeña*, tendo en conta a información obtida no *GDXL*, vemos que *rapeña* é a paleta de raspar e recoller a masa.

Podemos remontarnos ás orixes de *rapelo* no verbo *rapar*, derivado do gótico \*HRAPŌN ‘arrebatar, arrancar, tirar do cabelo’ (*DECH*). Pero, como se establece a relación entre os significados actuais e a etimoloxía? Se relacionamos *rapela* (bola) e *rapeña* (paleta de raspar), é posible pensar que unha *bola rapela* se fai coas sobras de masa que raspamos dos recipientes coa *rapeña*, por iso esa *bola rapela* medra menos, por estar feita coas sobras de masa despois de facer unha fornada de pan (bolos, broa, etc.). Non está feita co mesmo coidado, nin se coidan os ingredientes nin a súa elaboración, simplemente se fai para aproveitar a masa que sobra. Isto pode levarnos a pensar que a denominación dese *fillo menor* como *rapelo* se deba a que é o que menos medra porque é o que está feito coas ‘sobras’, por ser precisamente o último dun proceso ó igual que a bola que mencionamos unhas liñas máis arriba. Deste xeito, tamén sería posible agrupar a variante *rapelo* baixo a epígrafe ‘valor’ (§ 2.1.5.), pero cremos que o que destaca en *rapelo* é o seu ‘escaso tamaño ou altura’, pois é un trazo común á *bola rapela*, ó *нено rapelo*, ó *porco rapelo*, etc.

Calquera destas opcións que acabamos de sinalar lévanos a pensar que hai detrás unha *motivación conceptual-metafórica*.

#### b) Distribución xeográfica

O grupo de formas que teñen en común o estaren motivadas polo tamaño, son nomes que practicamente se rexistran, cada un deles, nun único punto (ver mapa anexo):

- *tirizó*: 101 e 129
- *rastreiro*: 112a
- *anano*: 150
- *rapelo*: 107

<sup>22</sup> Respostas recollidas nos puntos A.3 e O.6 para a pregunta 1.098 –*bolo, bola*- e no punto L.16 para a pregunta 1.099 –*asmo, pan ácido sin levadura*-.

### 2.2.3. Valor

#### a) Análise motivacional

O último grupo está formado por aquelas formas que metaforicamente se refiren ó *fillo menor* ou *tardío* como *sobras* ou *restos*. Pero decidimos agrupalas baixo o denominador común de 'valor' porque os nomes que clasificamos neste grupo fan referencia ó *valor residual* que se lles dá ós fillos menores, pola maneira de concibilos, pero tamén polo xeito de crialos, xa que tamén aproveitan os restos dos outros fillos (roupa, xoguetes, etc.).

#### 1. *Reboutallo*

*Reboutallo* refírese a 'aquilo que sobra, que non serve ou non se quere aproveitar' (GDXL). O DECH cita o portugués *rebotallo* 'desecho', pero pódese pensar tamén que *reboutallo* é unha voz composta polo prefixo *re-* + *bouta* (participio VOLUTUM, de VOLVERE) (GDXL) + sufixo *-allo* (sufixo con valor despectivo). Facendo esta descomposición da palabra, podemos pensar que o *fillo tardío* é (en relación co significado máis primitivo) o que volve atrás, por ser o que retoma un proceso que xa se cría rematado. Parece que a motivación é *conceptual-metafórica*.

#### 2. *O dos raspallos*

Tamén relacionado con *rapar*, ó igual ca *rapelo* (§ 2.1.4. –apartado 2.4.–), atopamos *o dos raspallos*, palabra que ten a súa orixe en *raspa* (restos) + sufixo *-allo* (sufixo con valor despectivo). E é que os *raspallos* son 'os restos ou residuos que quedan apegados a un recipiente' (igual que as raspas, GDXL), os 'escobajos das uvas', é dicir, a 'raspa do acio que queda despois de quitarlle as uvas', ou simplemente os 'restos de algo' (DdD). A palabra *base* xa é despectiva dabondo, pero ese valor vese intensificado ó engadirlle o sufixo *-allo*. O motivo da elección desta nomenclatura débese outra vez a que o *fillo menor* é o das 'sobras' (para o uso do artigo ver § 2.1.2, 3. *Anano*), o que nace como resultado de aproveitar os restos, as sobras, porque é o que pecha un longo proceso (despois de haber moitos fillos) ou un proceso que xa parecía rematado (despois de moito tempo sen fillos, aparece un máis, cando xa non se contaba con el por ter os outros máis ou menos seguidos). A motivación é *conceptual-metafórica*.

#### 3. *Escorrallos*

Outra forma que clasificamos dentro deste grupo é *escorrallos*, resultado da combinación de *escorras* (do latín EX CURRERE 'saír correndo', segundo o DECH), 'residuos dalgún líquido que quedan nun recipiente e especialmente o último viño que queda na cuba' (GDXL) e o sufixo *-allo*. Vemos de novo a presenza do sufixo despectivo, que intensifica o valor negativo de *escorras* (ver *o dos raspallos*).

Na mesma liña que o caso anterior, o trazo que caracteriza esta denominación é o feito de ser o resultado das 'sobras'. A motivación é *conceptual*.

#### 4. *Restebeiro*

A última variante para designar o *fillo menor* ou *tardío* é *restebeiro*. Nas fontes consultadas (DdD, GDXL, DRAG) non atopamos a palabra *restebeiro*, pero as diferentes buscas realizadas lévannos a pensar na posibilidade de que *restebeiro* sexa unha palabra composta de *resteba* (variante fónica de *restreba*) + sufixo *-eiro*.

Por *restreba* enténdese 'restos de cana ou palla que quedan na leira despois de segar' ou tamén 'segunda ou terceira colleita que dá unha roza' (GDXL). A primeira das acepcións, en concordancia co significado primitivo do que deriva, 'restrollo', do latín vulgar RESTIPA(M) (GDXL), parece que leva a pensar en que o trazo fundamental que motiva a escolla deste termo é o de considerar que o *fillo menor* é resultado das 'sobras', dos 'restos', igual que comen-

tamos en caso anteriores (ver *raspallo*, *escorrallos* ou *rapelo*). Pero se reflexionamos sobre a segunda acepción, é esta a que nos revela un papel máis activo que se lle dá ó fillo, tendo en conta ese significado (segunda ou terceira colleita) co sufixo *-eiro*. Neste caso poderíamos observar unha particularidade desta forma con respecto a todas as demais: ese papel activo ou ese cargo que parece transmitirnos esta variante e que non percibimos en ningunha das formas que mencionamos antes. Un texto de Anxo Angueira recollido no TILG ofrécenos a variante *restebeiro*:

Vai ví-la rega. Para alá de Tras do Rego, na Senra, no Loureiro en Bouzaboa madurano o trigo, a avea e o centeo e están agardando a resteba e a fouce afiada dos *restebeiros*. Óese contra alá un berro de queixa. Alguén move e foza entre o centeo da Candeira e vai deixando un camiño de palla esmagada (TILG<sup>23</sup>).

Parece que a forma *restebeiro* designe a unha persoa que desempeña un cargo ou oficio, que é o de cortar a *resteba*, a colleita de cereais que queda aínda na leira de segundas. En consonancia con isto, pode establecerse unha comparación cos *fillos menores* que, ó seren os *restebeiros*, son os que se encargan de recoller os restos, o que sobrou da produción das colleitas anteriores, dos irmáns que o preceden, que á diferenza do *fillo tardío* non se 'compoñen de sobras', porque naceron no seu debido tempo e espazo. Pero tamén pode relacionarse *restebeiro* co tempo, pois se *resteba* é a segunda ou terceira colleita, *restebeiro* pode ser o 'froito tardío' que dá lugar a esas colleitas tardías. A motivación é conceptual.

#### b) Distribución xeográfica

Ó igual ca no subgrupo anterior, as formas motivadas polo 'valor' que se dá ós fillos menores nas familias aparecen cada unha delas en cadanseu punto de enquisa, aínda que todas elas aparecen na metade sur de Galicia, concentrándose as tres primeiras variantes no occidente da provincia de Pontevedra (ver mapa anexo):

- *rebutallo*: 137, 140
- *restabeiro*: 131
- *o dos raspallos*: 134
- *escorrallo*: 144

### 3. CONCLUSIÓN

Son moitas as variantes que se recollen no *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* para referirse ós *hijos menores*, o que deixa boa mostra de "la importancia de la geografía lingüística al ofrecernos esa visión espacial y simultánea (...) de la extraordinaria variedad léxica que nos aportan los atlas (...) como reflejo característico de la cultura de una comunidad" (Ortiz 1994: 105). Esa variedade de respostas atende a distintos trazos que destacan da realidade á que se refiren (*hijo menor*): a) a 'función' que cumpre ou o 'tempo' no que nace se o *fillo menor* é o *último que pecha un ciclo* ou b) o 'trato' que recibe, o 'tamaño' que ten ou o 'valor' que lle outorgan se o *fillo menor* é o *de menor tamaño ou relevancia do grupo*.

De entre as formas que pertencen a estes grupos e subgrupos presentan un maior índice de rexistros no ALPI aqueles nomes cunhas connotacións sociais máis acentuadas, que son tamén as formas máis populares e que parece que mellor describen a realidade á que fan referencia.

<sup>23</sup> Angueira Viturro, Anxo (1999): *Pensa nao*. Vigo: Ed. Xerais.



Pero tamén se rexistran algúns casos nos que un mesmo informante dá varias respostas (100, 102, 112a, 123, 127, 133, 144, 150), o que nos deixa ver a variedade de recursos para a creación semántica da que dispoñen os falantes, aínda que as primeiras respostas sexan aquelas que lles son máis familiares ou que lles parece que mellor definen de maneira abreviada a realidade pola que lles están preguntando. Ademais, hai que ter en conta que moitos dos conceptos de partida que aparecen nas respostas están vinculados coa vida rural tradicional (labores agrícolas, terras, cultivos, etc).


Con todo, tamén se rexistran varios puntos con respostas en branco, que precisamente pertencen á provincia de Lugo, onde segundo Mariño Ferro (§1.) se superaba o tamaño medio das familias. Polo tanto, non debería ser nestes puntos de enquisa onde non se rexistrase ningunha resposta, pois que o tamaño medio das familias sexa maior debería ser un indicio para que a resposta non aparecese totalmente baleira. Que non atopemos datos para a pregunta *hijo menor* non quere dicir que non se cumpra a hipótese de Mariño Ferro, senón que o feito de que contestaran homes a esta parte do cuestionario puido ser o que provocou que esta pregunta quedara deserta nalgúns puntos, xa que é un campo no que os conceptos son máis coñecidos polas mulleres, se temos en conta a realidade sociocultural. Nos puntos de Lugo (os sete primeiros) responderon ós cuestionarios homes, mentres que ó 135 respondeu unha muller, pero só ó primeiro cuestionario. Ó segundo, que contén o léxico referido á familia, contestou un home.

A análise da distribución xeográfica tamén nos revela que os falantes das distintas zonas de Galicia comparten fórmulas para crear os nomes cos que denominan os *hijos menores*, o que demostra que "los materiales que hoy en día ofrecen los atlas lingüísticos conforman un importante tesoro de datos no solo sobre las variedades lingüísticas sino sobre el modo de categorizar y conceptualizar de las viejas civilizaciones" (Julià 2009: 359).

En canto á análise motivacional, podemos concluír, de acordo con Giraud (1960 [1955]: 36), que toda creación verbal é motivada sempre, e que aínda que exista unha motivación etimolóxica, esta pode perderse, dado que unha nominación, unha vez creada, pode evolucionar e prodúcese o que Giraud denomina "oscurecemento de la motivación". En calquera caso, tal e como afirma Mario Alinei (2002: 16), a motivación é unha forma abreviada do significado que aparece como resposta a un acto creador e consciente noso, dos falantes. A motivación ten lugar coa reciclaxe de lexemas preexistentes na nosa lingua, aínda que ás veces isto non abonda e eses lexemas deben ser tamén o suficientemente populares ou prestixiosos para poder compartilos co resto da comunidade lingüística.

## Agradecementos

A Rosario Álvarez, Antón Santamarina e, especialmente, a Xulio Sousa, pola axuda prestada ó longo da elaboración deste artigo, pola lectura do texto e polos comentarios que conduciron ó traballo aquí presentado. A vosoutras e vosoutros (creo que non é necesario nomearvos), polas vosas achegas e, sobre todo, polos ánimos.

ANEXO I. MAPA ALPI GALICIA - FILLO MENOR<sup>24</sup>

<sup>24</sup> O mapa, de elaboración propia, ten un carácter fundamentalmente ilustrativo. Nos puntos de enquisa onde se recolleron dúas ou tres respostas, estas aparecen representadas no mapa de esquerda a dereita na orde en que foron contestadas polos informantes.

ANEXO II. LOCALIDADES **ALPI** GALICIA

Nº de punto	Localidade	Parroquia	Concello	Provincia
100	Sismundi	Santo Estevo	Cariño	A Coruña
101	Valdoviño	Santalla	Valdoviño	A Coruña
102	Miño	Santa María	Miño	A Coruña
103	Oleiros	Santa María	Oleiros	A Coruña
104	Abegondo	Santaia	Abegondo	A Coruña
105	Aranga	San Paio	Aranga	A Coruña
106	Baio	Santa María	Zas	A Coruña
107	Carballo	San Xoán	Carballo	A Coruña
108	Corcubión	Corcubión (San Marcos)	Corcubión	A Coruña
109	Santa Comba	Santa Comba (San Pedro)	Santa Comba	A Coruña
110	Ordes	Ordes (Santa María)	Ordes	A Coruña
111	Boimorto	Santiago	Boimorto	A Coruña
112	A Lavacolla	Sabugueira (San Paio)	Santiago	A Coruña
112a	Muros	(San Pedro)	Muros	A Coruña
113	Rois	Rois (San Mamede)	Rois	A Coruña
114	Covas	Covas (San Xoán)	Viveiro	Lugo
115	Muras	Muras (San Pedro)	Muras	Lugo
116	O Valadouro	Ferreira (Santa María)	O Valadouro	Lugo
117	A Devesa	Santalla	Ribadeo	Lugo
118	Guitiriz	Lagostelle (San Xoán)	Guitiriz	Lugo
119	Cospeito	Cospeito (Santa María)	Cospeito	Lugo
120	San Pedro de Neiro	San Pedro	A Fonsagrada	Lugo
121	Palas de Rei	Palas de Rei (San Tirso)	Palas de Rei	Lugo
122	Navia de Suarna	Navia de Suarna	Navia de Suarna	Lugo
123	Meixente	Meixente	Sarria	Lugo
124	Pedrafita do Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro (Santo Antón)	Pedrafita do Cebreiro	Lugo
125	Chantada	Chantada (Santa Mariña)	Chantada	Lugo
126	Sober	Arroxo (San Martiño)	Sober	Lugo
127	San Clodio	Ribas de Sil (San Clodio)	Ribas de Sil	Lugo
128	Golada	Ferreiroa (San Pedro)	Golada	Pontevedra
129	A Bandeira	Manduas (San Tirso)	Silleda	Pontevedra
130	Cuntis	Cuntis (Santa María)	Cuntis	Pontevedra
131	Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa (San Cibrán)	Vilanova de Arousa	Pontevedra
132	Meaño	San Xoán	Meaño	Pontevedra
133	Cerdedo	Cerdedo (San Xoán)	Cerdedo	Pontevedra
134	Bueu	Bueu (San Martiño)	Bueu	Pontevedra
135	Fornelos de Montes	San Lourenzo	Fornelos de Montes	Pontevedra
136	Nigrán	Nigrán (San Fiz)	Nigrán	Pontevedra
137	Ponteareas	Ponteareas (San Miguel)	Ponteareas	Pontevedra
138	Arbo	Santa María	Arbo	Pontevedra
139	Tui	Tui (O Sagrario)	Tui	Pontevedra
140	O Rosal	O Rosal (Santa Mariña)	O Rosal	Pontevedra
141	O Irixo	Campo (Santa María)	O Irixo	Ourense
142	Vilamarín	Vilamarín (Santiago)	Vilamarín	Ourense
143	A Arnoia	San Salvador	A Arnoia	Ourense
144	Maceda	Maceda (San Pedro)	Maceda	Ourense
145	Celeiros	Celeiros (San Martiño)	Chandrexa de Queixa	Ourense
146	O Bolo	O Bolo (Santa María)	O Bolo	Ourense
147	Rubiá	Rubiá (Santa Mariña)	Rubiá	Ourense
148	Rairiz de Veiga	Rairiz de Veiga (San Xoán)	Rairiz de Veiga	Ourense
149	A Gudiña	A Gudiña (San Martiño e San Pedro)	A Gudiña	Ourense
150	Entrimo	Santa María a Real	Entrimo	Ourense
151	Oímbra	Oímbra (Santa María)	Oímbra	Ourense

## REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- ALGA = Santamarina, Antón (dir.) (2012): *Atlas Lingüístico Galego. VII. O ser humano II*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua galega (no prelo).
- Alinei, Mario (1983): «Arc-en-ciel» en *Atlas Linguarum Europa*. Pays Bas/Maastricht: Van Gorcum/ Assen, vol. I/1 (Commentaires), 47-80.
- Alinei, Mario (1996): "Aspetti teorici della motivazione", en *Quaderni di Semantica* XXXIII, 1, 7-17.
- Alinei, Mario (2002): "Il ruolo della motivazione nel lessico", Rosario Álvarez / Francisco Dubert García / Xulio Sousa Fernández (eds.): *Dialectoloxía e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 15-28.
- Alinei, Mario (2009): *L'origine delle parole*. Roma: Aracne.
- Álvarez Pérez, Xosé Afonso (2010): *Para un estudo xeolingüístico dos campos lexicais. Análise de designacións galegas do ámbito da gandaría*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- ALPI = *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (1962). Madrid: CSIC.
- Cortés Carreres, Santi / Vicent García Perales (2009): *La historia interna del Atlas Lingüístico de la Península Ibérica. Correspondencia (1910 – 1976)*. Valencia: PUV.
- Dalbera, Jean-Philippe (2006): *Des dialectes au langage. Une archéologie du sens*. Paris: Honoré Champion.
- DdD = Santamarina, Antón (dir.) (2001): *Diccionario de diccionarios*. A Coruña: Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega.
- DECH = Corominas, Joan / José Antonio Pascual (1980-1991): *Diccionario crítico etimológico castellano e hispánico*. 6 vols. Madrid: Gredos.
- DHs = Houaiss, António / Mauro de Salles Villar / Francisco Manoel de Mello Franco (dirs.) (2001): *Dicionário Houaiss da língua portuguesa*. Rio de Janeiro: Editora Objetiva.
- DRAG = García, Constantino / Manuel González González (dirs.) (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña / Vigo: Real Academia Galega / Xerais / Galaxia.
- DRAE = Real Academia Española (2001<sup>22</sup>): *Diccionario de la lengua española*. Madrid: Espasa.
- Figueiredo, Cândido de (1939<sup>23</sup>): *Dicionário da língua portuguesa*. 2 vols. Lisboa: Bertrand.
- García Moutón, Pilar (2010): «El procesamiento informático de los materiales del *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* de Tomás Navarro Tomás», en Gotzon Aurrekoetxea Olabarri / José Luis Ormaetxea Lasaga (eds.): *Tools for Linguistic Variation*. Universidad del País Vasco. Anejos del Anuario del Seminario de Filología Vasca Julio de Urquijo, 167-174.
- GDXL = Carballeira Anllo, Xosé María (coord.) (2009): *Gran Dicionario Xerais da Lingua*. 2 vols. Vigo: Edicións Xerais.
- Giraud, Pierre (1960 [1955]): *La sémantique*, México: Fondo de Cultura Económica [Trad. de *La Sémantique*, Paris: Presses Universitaires de France].
- González González, Manuel (2005): «Taula rodona: "Sobre los métodos en dialectología actual"», en Joan Veny Clar (ed.): *Els mètodes en dialectologia: continuïtat o alternativa? I Jornada de l'Associació d'amics del professor Antoni M. Badia i Margarit (Barcelona, 11 de març de 2004)*, Barcelona: IEC, 93-101.
- Heap, David (2002): "Segunda noticia histórica del ALPI (a los cuarenta años de publicación de su primer tomo)", *Revista de Filología Española* LXXXII, 5-19.
- Julià Luna, Carolina (2009): "El cuerpo humano en la creación y motivación de los nombres románicos de insectos", *Revue de Linguistique Romane* 291-292, 321-369.
- Lakoff, George / Mark Johnson (2009<sup>8</sup>): *Metáforas de la vida cotidiana*. Madrid: Cátedra.
- Machado, Jose Pedro (1977<sup>3</sup>): *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. 5 vols. Lisboa: Livros Horizonte.
- Morais Silva, António. de (1977<sup>10</sup>): *Dicionário Etimológico da Língua Portuguesa*. 12 vols. Lisboa: Livros Horizonte.
- Magariños, Alfonso (2003): *A demografía na Galicia contemporánea. 1900-1936*. Noia: Editorial Toxosoutos.
- Mariño Ferro, Xosé Ramón (2000): *Antropoloxía de Galicia*. Vigo: Edicións Xerais.
- Mariño Ferro, Xosé Ramón (2006): "Variacións locais na cultura popular", en Rosario Álvarez / Francisco Dubert García / Xulio Sousa Fernández (eds.): *Lingua e territorio*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 131-156.
- Navarro Tomás, Tomás (1975): «Noticia histórica del ALPI», en *Capítulos de geografía lingüística de la Península Ibérica*. Bogotá: Instituto Caro y Cuervo, 9-20.

- Ortiz Bordallo, Concepción (1994): *Análisis comparativo de los atlas lingüísticos españoles*. Madrid: UNED.
- Pérez Pascual, José Ignacio (2007): «Los estudios de dialectología en el *Centro de Estudios Históricos*. La realización del *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*», *Moenia* 13, 401-430.
- Pinker, Steven (2007): *El mundo de las palabras*. Barcelona: Ediciones Paidós Ibérica.
- Romero Triñanes, Mario / Larisa Santos Suárez (2002): "As denominacións dos dedos da man: un estudio motivacional", en Rosario Álvarez / Francisco Du-bert García / Xulio Sousa Fernández (eds.): *Dialectología e léxico*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, 303-327.
- Sousa Fernández, Xulio (2008): "Notas sobre o Atlas Lingüístico de la Península Ibérica en Galicia", en Mercedes Brea / Francisco Fernández Rei / Xosé Luis Regueira (eds.), *Cada palabra pesaba, cada palabra medía. Homenaxe a Antón Santamarina*. Santiago de Compostela: USC, 299-306.
- TILG = Santamarina, Antón (dir.) (2003): *Tesouro Informatizado da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega (Base de datos electrónica en URL: <http://www.ti.usc.es/TILG>).